


CATÁLOGO

Cultura no Camiño
2023

ÍNDICE





FAMILIAR teatro

CULTURACTIVA PRODUCCIONES

Castelao

DIRECCIÓN: FINA CALLEJA
ELENCO: MÓNICA CAMAÑO, CRIS COLLAZO

Castelao é unha figura capital da historia das artes en Galicia e non contaba ata agora cunha proposta escénica para a infancia. Vimos a poñer remedio a isto cun gran equipo: un texto de Paula Carballeira coa dirección de Fina Calleja e con Mónica Camaño e Cris Collazo en escena. Presentamos un Castelao divertido e aventureiro, un pirata con arriscadas aventuras no peirao de Rianxo que resolve grazas ás súas múltiples capacidades os problemas que se lle presentan.

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 60'

+INFO 

VÍDEO 



CULTURACTIVA

PÍSCORE

Molto Barroco

DIRECCIÓN: FRAN REI
ELENCO: PEPE VARELA, DIEGO ROSAL,
FÉLIX RODRÍGUEZ, PABLO CABANELAS

Volve un dos grupos máis divertidos de Galicia para todas as idades co seu proxecto más ambicioso. Píscore desenvolve a súa potencialidade nun espectáculo cunha mellor producción escénica, visual e cómica.

Molto Barroco é un esmendellante paseo pola música barroca mesturada con gags cómicos de primeiro nivel.

PÚBLICO: FAMILIAR

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 55'

+INFO



VÍDEO



CULTURACTIVA

BAOBAB TEATRO

Ás para Álex

DIRECCIÓN: ÓSCAR FERREIRA
ELENCO: CORA VELASCO, XOSE ESPERANTE

Ás para Álex é unha das pezas que só a sensibilidade e calidade de Baobab Teatro poden crear. Un novo fito dunha das más destacadas compañías do teatro familiar galego. Álex é un neno de 8 anos cunha increíble vitalidade que, de repente, comeza a atoparse sen forzas e cae enfermo. Na obra veremos como coa axuda de Laura atopa forzas para loitar.

+ ESPECTÁCULOS DE BAOBAB TEATRO

PÚBLICO: INFANTIL
ESTILO: TEATRO FAMILIAR
DURACIÓN: 50'

+INFO 
VÍDEO 



CULTURACTIVA

ARTIKA CÍA

A illa da deslembranza



DIRECCIÓN: MANUEL MANSILLA

ELENCO: FERNANDA BARRIO, ROCÍO SALGADO, MARTÍN MAEZ

"A illa da deslembranza" é un espectáculo no que se aborda, entre outras cousas, o tema da enfermidade do Alzheimer co obxectivo de axudar a comprender situacíons que poden darse nun ambiente familiar.

Malia a seriedade do tema que trata, faise desde un enfoque humorístico para fomentar actitudes optimistas no público.

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: TEATRO FAMILIAR

DURACIÓN: 50'

+INFO

VÍDEO



CULTURACTIVA

CULTURACTIVA PRODUCCIONES

Desconcerto

DIRECCIÓN: MARCOS ORSI

ELENCO: FRAN REI, FÉLIX RODRÍGUEZ

DESCONCERTO é un espectáculo cómico sobre a música culta posto en escena por Félix Rodríguez e Fran Rei e dirixido por Marcos Orsi.

Coa orquestra a piques de comezar e o público preparado para gozar, os intérpretes vense na obriga de improvisar. A partir deste aloucado punto de partida, o programa vai avanzando e vaise executando con contínuos atrancos cómicos.

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: TEATRO FAMILIAR

DURACIÓN: 60'

+INFO 

VÍDEO 

A black and white photograph of two men in dark tuxedos. The man on the left has a beard and glasses, holding a violin and bow. The man on the right has a beard and is holding a brass instrument, possibly a tuba or trumpet. They are both looking towards the camera with expressions of surprise or comedy. The background is dark and moody.

NAUTA

Gaia Baba

DIRECCIÓN: NAUTA
ELENCO: DANIEL GÓMEZ IGLESIAS, RAFAEL REY,
TOMÉ MOURIÑO COVELO, MATHIAS RODRÍGUEZ

O mundo perdeu a súa cor e volveuse gris. Os desfeitos, terribles criaturas, reinan e todo o cobren. Alguén queda, xunto á súa escoba pasa os seus días varrendo esa onda de desperdicios que sempre volve. Alguén queda, coa esperanza e o desexo de xerar un cambio. Gaia Baba, a última bruxa é esa pequena luz de esperanza para a terra.

+ ESPECTÁCULOS DE NAUTA

PÚBLICO: FAMILIAR
ESTILO: TEATRO
DURACIÓN: 60'

+INFO 
VÍDEO 



CULTURACTIVA

SARABELA

Asamblea xeral



DIRECCIÓN: FINA CALLEJA
ELENCO: HÉCTOR MARTÍNEZ, FRAN LAREU, ELENA SEIJO, FERNANDO DACOSTA E SABELA GAGO

Unha enfermidade de causas descoñecidas espállase polo mundo e os animais da selva buscan un culpable para calmar a cólera celestial... Convencidos de que o sacrificio dun deles re establecerá o equilibrio e devolverá a saúde a todos, planean un xuízo no que cada animal confesará as súas culpas. De verdade que a solución a calquera conflito pasa por establecer unha fronteira entre bos e malos?

PÚBLICO: FAMILIAR

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 60'

+INFO

VÍDEO



Secuestro da bibliotecaria



DIRECCIÓN: FINA CALLEJA
ELENCO: NATE BORRAJO, FERNANDO DACOSTA, ELENA SEIJO, SABELA GAGO, FINA CALLEJA

A señorita Ernestina é bibliotecaria da vila de Parangón. Aínda que é orfa e non ten familiares ricos, os bandidos decidiron secuestrala. Pretenden xerar un caos cultural que obrigue ás autoridades a pagar polo rescate. Pero as intencións desta banda tomarán un novo camiño ao descubrir que Ernestina os contaxiou coa varicela.

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 55'

+INFO

VÍDEO

CULTURACTIVA

PEDRAS DE CARTÓN

Quixote

DIRECCIÓN: LAURA SARASOLA
ELENCO: JUAN RODRÍGUEZ, PABLO SÁNCHEZ

• PREMIO DO FESTIVAL DE TEATRO CLÁSICO DE ALMAGRO 2021

Pedras de Cartón acomete o seu segundo clásico e a súa segunda obra abordando a novela máis importante da lingua española. Un fermoso e divertido Quixote cunha estética inspirada no pallaso clásico (de Fellini) e con achegamentos dende o clown. Afrontamos as escenas más icónicas da novela, da relación antagónica entre Quixote e o seu escudeiro Sancho.

PÚBLICO: INFANTIL
ESTILO: TEATRO FAMILIAR
DURACIÓN: 50'

+INFO 
VÍDEO 



CULTURACTIVA

BANDULLO AZUL

Mestre ma non troppo

DIRECCIÓN: FRAN AMEIXERAS
ELENCO: FRAN CAMPOS

Fran Campos e Fran Ameixeiras presentan a súa nova obra. Un tratado sobre o fracaso e a presión á que sometemos as nosas cianzas na procura do éxito. O noso protagonista vive recluso coa compaña do seu asistente de voz e vive unha existencia tan lamentable como divertida.

PÚBLICO: INFANTIL
ESTILO: TEATRO
DURACIÓN: 50'

+INFO 
VÍDEO 



CULTURACTIVA

A close-up photograph of a person's hands tying the red laces of a yellow and black striped circus-style shoe. The shoe has a dark sole and a textured upper. The background is dark and out of focus.

FAMILIAR circo e clown

CIRCO CHOSCO

Oh-Pera

DIRECCIÓN: ARITZA RODRÍGUEZ
ELENCO: ARIÑE AZKUE, ÓSCAR PÁEZ

- GAÑADORES DO CERTAME INTERGALACTICO
DO FESTACLOWN 2021

Circo Chosco, dirixidos por Aritz Rodríguez, dan un tremendo paso adiante na súa linguaxe circense. Unha das mellores compañías novas do noso circo que se gradúa cun espectáculo adulto repleto de calidade e delicadeza.

Un show con acrobacias, danza, movementos, equilibrios cunha posta en escena orixinal e diferente que non esquece o humor habitual da compañía.

[+ ESPECTÁCULOS DE CIRCO CHOSCO](#)

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: CIRCO

DURACIÓN: 50'

[+INFO](#) 

[VÍDEO](#) 



CULTURACTIVA



SU.MA

Glamping

DIRECCIÓN: GONÇALO GUERREIRO
ELENCO: SUE MORENO, MARÍA MOVE, MARK TORRECILLAS

Tres amigos con tres personalidades moi distintas embárcanse na aventura de pasar unhas vacacións xuntos. Pero a convivencia non sempre é cosa fácil. E os conflitos toman parte na escena cotiá dos campistas. Superarán os nosos personaxes o reto de compartir un espazo común con elegancia?

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: CIRCO

DURACIÓN: 50'

+INFO

VÍDEO

CULTURACTIVA



NAUTA

Nino & Mambrú

DIRECCIÓN: NAUTA
ELENCO: ACTRICES E ACTORES DE NAUTA, ROTATORIO

Fortemente inspirados polos grandes dúos da historia da comedia -como Laurel and Hardy e o humor físico de Buster Keaton e Charlie Chaplin- Nino & Mambrú preséntanos un espectáculo de media máscara, inscrito nas veas do teatro físico, a acrobacia, a esgrima, o mimo e a improvisación co público, que converxen para crear unha obra de público familiar.

+ ESPECTÁCULOS DE NAUTA

PÚBLICO: FAMILIAR

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 45'

+INFO ➔
VÍDEO ➔



CULTURACTIVA

SEMPRE ARRIBA

Hoxe si!

DIRECCIÓN: NATALIA OUTEIRO "PAJARITO"

ELENCO: MARTA IGLESIAS

Hoxe Si! Hoxe é o día. Temos un espazo de xogo, obxectos que soben baixan e flotan no ar, música, circo, moito humor, ganas e moita actitude.

Hoxe Si! É unha invitación a xogar, a gozar, a soltarnos e desinhibirnos por un día, a vivir celebrando o momento presente. Porque a vida é agora.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 45'

+INFO 

VÍDEO 



CULTURACTIVA

DESASTRONAUTS

Somos circo

Damas e cabaleiros, nenos e nenas, chega o espectáculo que todos estábades agardando. Raquel Feroz, a auténtica Raíña do Circo, deixarate pampo virando sobre o seu trapecio. Girisho, o Gran Director do Circo, sorprenderate coa súa forza e estupidez. Xuntos danche circo 100% puro. Un espectáculo de risco e acción. Rápido, divertido, acrobático, fermoso...

[+ ESPECTÁCULOS DE DESASTRONAUTS](#)

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: CIRCO

DURACIÓN: 50'

[+INFO](#) 
[VÍDEO](#) 



CULTURACTIVA

FRAN BOZA

Malabarabilidades

DIRECCIÓN: FRAN REI
ELENCO: FRAN BOZA

Presentamos un auténtico portento do circo clásico e os malabares. Fran Boza estrea o seu primeiro espectáculo e vaite deixar abraiado pola súa calidade técnica. Presentamos ao auténtico rei dos malabares!

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: CIRCO

DURACIÓN: 50'

+INFO 

VÍDEO 



CULTURACTIVA

MUU Crunch

DIRECCIÓN: DANIEL BLANCO, ÓSCAR PÁEZ
ELENCO: DANIEL BLANCO, ÓSCAR PÁEZ

Novo circo, clown, malabares diarios para chegar a fin de mes, saltos mortais, golpes e caídas para un espectáculo todoterreno. Os nosos superheroes Spunk e Scrunch aseguran unha boa captura de gargalladas. Non poden garantir nada máis, pero tal como está o conto isto xa parece bastante.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: CIRCO

DURACIÓN: 50'

+INFO



VÍDEO



CULTURACTIVA

CIRKOMPACTO

Hell Brothers

DIRECCIÓN: WALTER VELÁZQUEZ
ELENCO: IVÁN CASANOVA E MALALA RICOY

Rejhuz e Glakghs Setén son fillos de Satán. Seu pai, farto de aturar a estes dous completos inútiles malcriados e aspirando a ser emérito por fin, decidiu botalos do inferno para que aprendan a gañarse o mal por si mesmos.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: CIRCO

DURACIÓN: 50'

+INFO

VÍDEO



CULTURACTIVA

BEA SINTRIZ

Lila Star

DIRECCIÓN: NATALIA OUTEIRO E WALTER VÁZQUEZ
ELENCO: BEATRIZ RUBIO

Cansa da túa rutina de sempre? Farto de que os teus días sexan grises? É hora de que poñas un pouco de Lila na túa vida!! Déixache levar polo teu lado más funky neste espectaculazo cheo de circo, humor e flow. Equilibrios imposibles sobre obxectos fanse possibles a ritmo de temazos que non poderás deixar de bailar!!!

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: TEATRO FAMILIAR

DURACIÓN: 50'

+INFO 
VÍDEO 



CULTURACTIVA

SU.MA

Ikigai

DIRECCIÓN: GONÇALO GUERREIRO
ELENCO: SUE MORENO, MARIA MOVE

• PREMIO DO PÚBLICO NO FESTACLOWN 2020

Xogo, imaxinación, acrobacia aérea e ópera cantada en directo nun espectáculo de danza-circo 360º de medio formato.

PÚBLICO: FAMILIAR

ESTILO: CIRCO

DURACIÓN: 50'

+INFO 

VÍDEO 

CULTURACTIVA

PALLASOS EN REBELDÍA

Checkpoint Clown

DIRECCIÓN: IVÁN PRADO
ELENCO: IVÁN PRADO, PABLO MUÑOZ, KANBAHIOTA TRUP

- ASOCIACIÓN CULTURAL Y POLÍTICA REDES ESCARLATA
- PREMIO ROBERTO VIDAL BOLAÑO 2020
- PREMI ESPERANÇA DE PALESTINA AL COR 2013
- COMPROMISO CON LA LIBERTAD DEL PUEBLO PALESTINO

Espectáculo multidisciplinar nacido do traballo en zonas de conflito e campos de persoas refuxiadas que une clown, maxia, circo con solidariedade e compromiso.

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: CIRCO

DURACIÓN: 50'

+INFO 
VÍDEO 



CULTURACTIVA

VELLA ESCOLA

Ópera Break's

ELENCO: ESPERANZA MARA E ARTISTAS DO COLECTIVO VELLA ESCOLA

A Vella Escola e a soprano Esperanza Mara unen forzas para crear unha proposta única dentro da cultura galega. Rap, Beatbox, Picadiscos e Breakdance mesturadas coa impresionante voz da cantante de ópera Esperanza Mara. Unha proposta chea de ritmo, orixinalidade e momentos dunha gran plasticidade musical e física.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: OUTROS

DURACIÓN: 60'

+INFO 

VÍDEO 



CULTURACTIVA

SUE MORENO 4.0



DIRECCIÓN: PABLO SÁNCHEZ
ELENCO: SUE MORENO

Técnicas aéreas de circo, cancións, teatro físico e moito humor acompañan un espectáculo sobre as dificultades da conciliación para unha muller con fillas pequenas.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: AÉREOS

DURACIÓN: 50'

+INFO

VÍDEO

ÁNXELA BLANCO Voo



DIRECCIÓN: ÁNXELA BLANCO
ELENCO: ÁNXELA BLANCO

Baliarina e artista de circo galega con ampla experiencia en compañías como Elefante Elegante ou o CDG entre outras. Como artista individual desenvolve proxectos como Voo, unha proposta cunha estrutura única que mestura danza, circo e acrobacias.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: AÉREOS

DURACIÓN: 30'

+INFO

VÍDEO

CULTURACTIVA

TROULA ANIMACIÓN

O estrano caso do dentista da rúa Brasov

DIRECCIÓN: DIEGO ROCA
ELENCO: DIEGO ROCA

Un fantástico espectáculo cunha estética balcánica e de época moi conseguida, conta con versión con e sen paradas e números moi orixinais e variados coa garantía do bo facer de Troula creando pasarrúas. Poñede os dentes a cuberto!

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: PASARRÚAS

DURACIÓN: 50'

+INFO 

VÍDEO 



CULTURACTIVA

CATROPÉS

Animacreques

DIRECCIÓN: ÁNXELA BLANCO, VANESSA RIVAS
ELENCO: ÁNXELA BLANCO, VANESSA RIVAS

A partir da técnica circense dos zancos e o virtuosismo da danza, xorde esta proposta de animación e intervención na rúa.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: PASARRÚAS

DURACIÓN: 50'

+INFO

VÍDEO

CULTURACTIVA

TRÍO DETRÉS

Máis ritmo

DIRECCIÓN: FRAN REI
ELENCO: FÉLIX RODRÍGUEZ, OLIVIER CANO E ÓSCAR PRIETO

Temas propios, versións de cancións populares, divertidos arranxos para un programa que transita por todos os estilos: latino, clásico, jazz, swing, bandas sonoras... Que acontece cando parte da banda chega tarde e despistada ao lugar do concerto? Unha sucesión de situacións cheas de humor, de improvisación, de solucións disparatadas, pero sempre acompañadas pola mellor música.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: CÓMICO-MUSICAL

DURACIÓN: 55'

+INFO



VÍDEO



CULTURACTIVA

RUDI DUDI

Clownnamorado



DIRECCIÓN: FINA CALLEJA
ELENCO: HÉCTOR MARTÍNEZ, FRAN LAREU, ELENA SEIJO, FERNANDO DACOSTA E SABELA GAGO

Comeza a función. Pero nada máis arrincar, o clown namórase dunha persoa do público. O show cambalea. Ata que un tropezo lévao a un xogo inesperado que o arma coa suficiente valentía para dar o salto ao baleiro e declararse coa axuda imprescindible do público.

PÚBLICO: FAMILIAR

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 60'

+INFO

VÍDEO

i

▶

KOTE MALABAR

Cirkote



DIRECCIÓN: FINA CALLEJA
ELENCO: NATE BORRAJO, FERNANDO DACOSTA, ELENA SEIJO, SABELA GAGO, FINA CALLEJA

Circo de rúa e teatro, malabares e humor, sobre todo moito humor. O clásico e ben feito espectáculo de circo de rúa que todo artista debe ter en carteira.

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 55'

+INFO

VÍDEO

i

▶

CULTURACTIVA



FAMILIAR maxia

DANI GARCÍA

Museo encantado

Logo do éxito de Gadalka, Dani continua a súa investigación sobre as instalacións máxicas creando 4 novos espazos. Catro cabinas con interacción, participación e xogos máxicos para encher a túa localidade. Un confesonario, unha cabina de teléfonos, un fotomatón e a cabina de Gadalka. Todas cheas de maxia e humor.

[+ ESPECTÁCULOS DE DANI GARCÍA](#)

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: MAXIA

DURACIÓN: VARIABLE DE 3 A 6 HORAS

[+INFO](#)

[VÍDEO](#)



CULTURACTIVA

MAGO TETO

Rock 'n' Magic

DIRECCIÓN: FRAN REI

ELENCO: MAGO TETO, MON ORENCIO, FER RISCO

Chega R'n'M con banda de rock e maxia en directo. Un show que mestura as dúas principais pasións de Teto: o rock e a maxia.

Con Mon Orencio e Fer Risco na música e o Mago Teto na maxia chega un dos espectáculos con máis ritmo e humor do ano.

[+ ESPECTÁCULOS DE MAGO TETO](#)

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: MAXIA

DURACIÓN: 70'

[+INFO](#)

[VÍDEO](#)

CULTURACTIVA

DANI GARCÍA

TIN

DIRECCIÓN: NATALIA OUTEIRO "PAJARITO"
ELENCO: DANI GARCÍA

Non hai imposibles que se resistan a unha persoa enxeñosa, pois unha simple idea en mans de quen non se rende pode cambiar o mundo.

[+ ESPECTÁCULOS DE DANI GARCÍA](#)

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: MAXIA

DURACIÓN: 50'

[+INFO](#) 

[VÍDEO](#) 



CULTURACTIVA

MAGO TETO

Ultreia

DIRECCIÓN: JOSÉ PRIETO

ELENCO: MAGO TETO, XIANA VILAS, LUPE CARBALLO, MARÍA ROJA

Percorrendo un camiño máxico que simboliza todos os camiños interiores do ser humano, o Mago Teto fará unha viaxe a través de aparicións, desaparicións, casas encantadas, predicións, levitacións, transformacións e moitos más efectos máxicos que transportarán ao público a unha realidade onde todo é posible menos perder a ilusión. Un espectáculo de grande formato con números realmente insequecibles.

[+ ESPECTÁCULOS DE MAGO TETO](#)

PÚBLICO: FAMILIAR

ESTILO: MAXIA

DURACIÓN: 60'

[+INFO](#)

[VÍDEO](#)

CULTURACTIVA



FAMILIAR narración oral

VERO RILO

Cacho animalada



ELENCO: VERO RILO, LUÍS IGLESIAS

CACHO ANIMALADA é unha sesión de narración oral e música para público infantil. A narradora Vero Rilo acompaña desta vez da guitarra e voz do multifacético Luis Iglesias. A tradición oral, o humor, o rock e a alegría fan cordada cun feixe de animais e animaladas pensadas para gozar en familia. Un espectáculo fresco e despreocupado para recargar enerxías.

PÚBLICO: FAMILIAR

DURACIÓN: 50'

+INFO

VÍDEO



CULTURACTIVA

BANDULLO AZUL

Fazulas e o ladrón de paraugas

DIRECCIÓN: ANA CARREIRA
ELENCO: FRAN CAMPOS

O espectáculo conta a viaxe iniciada por Fazulas, o gato persa de dona Adelaida, na súa teima por saber de que cor é o vento. Para dar resposta a ese misterio, emprenderá unha fantástica aventura, collido á empuñadura dun paraugas. Inspirada nun libro de Xosé Lueiro editado por Galaxia que vai xa pola súa terceira edición.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: NARRACIÓN

DURACIÓN: 60'

+INFO 

VÍDEO 



CULTURACTIVA

PEDRAS DE CARTÓN

Os Contos de William Shakespeare

DIRECCIÓN: JUAN RODRÍGUEZ

ELENCO: JUAN RODRÍGUEZ

Un espectáculo que mestura a comedia, o teatro de obxetos e a narración oral. Unha proposta de pequeno formato para ver de perto. A peza fai un percorrido polas obras más coñecidas do dramaturgo inglés, adaptadas para toda a familia e cunha linguaaxe más próxima. Deste xeito, afrontamos tres das pezas más recoñecidas do autor: "Romeo e Xulieta" contada con teatro de obxetos, "Otelo" convertindo as personaxes da obra nunhas chamativas e coloridas letras e "Hamlet", contado en clave de comedia apartir dun peculiar xogo de cartas no que ningúén pode gañar.

PÚBLICO: FAMILIAR

ESTILO: TEATRO FAMILIAR

DURACIÓN: 40'

+INFO 

VÍDEO 



CULTURACTIVA



FRAN REI

Superheroe

DIRECCIÓN: AVELINO GONZÁLEZ

ELENCO: FRAN REI

Somos superheroes e superheroínas das nosas vidas cotiás, superar as dificultades cada día son a nosa grande xesta. Iso nos conta Fran Rei a través do humor e da maxia, os verdadeiros superheroies son os pais, e as nais.

+ ESPECTÁCULOS DE FRAN REI

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: MAXIA E NARRACIÓN

DURACIÓN: 55'

+INFO 


VÍDEO 



CULTURACTIVA

RILO G PENADIQUE

Derriba da lúa



DIRECCIÓN: VERO RILO
ELENCO: VERO RILO, SONSOLES PENADIQUE

Espectáculo-obra doiro de narración oral e música, de recente creación, para familias con nenos de 0 a 3 anos. Queremos arrolar, contar, cantar e xogar xuntas para soñar e medrar libres coma paxaros, de candeloria a candeloria.

PÚBLICO: PRIMEIRA INFANCIA

ESTILO: NARRACIÓN

DURACIÓN: 35'

+INFO

VÍDEO

CULTURACTIVA



DIRECCIÓN: VERO RILO
ELENCO: VERO RILO, SONSOLES PENADIQUE

ASDOMARE é o novo espectáculo de Vero Rilo e Sonsoles Penadique, #asdomare son as mulleres do mar, ou o mar de mulleres. É a senda dos faros que alumean A Maruxaina, A pedra do cú da raíña, Os cantos das conserveiras... Todo o que o mar quita, todo o que o mar deixa.

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: NARRACIÓN

DURACIÓN: 45'

+INFO

VÍDEO

A close-up photograph of a person's hands tying the red laces of a yellow and black striped, lace-up shoe. The shoe appears to be made of a textured material like denim or canvas. The background is dark and out of focus.

ADULTO teatro

CULTURACTIVA PRODUCCIONES

As Alumnas

DIRECCIÓN: FINA CALLEJA

ELENCO: ANABELL GAGO, MÓNICA CAMAÑO

Un espectáculo sobre xustiza social, memoria histórica, igualdade e resiliencia. Un fermoso artefacto escénico creado por Paula Carballeira e dirixido por Fina Calleja.

Mónica Camaño e Anabell Gago atópanse no pasamento da súa mestra, María Barbeito, e condúcennos por unha senda emocional que arrinca desde que se coñecen na escola antes da Guerra Civil ata os anos 70.

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 70'

+INFO 

VÍDEO 



CULTURACTIVA

CULTURAÇTIVA PRODUCCIONES

Conexión Pingüín

DIRECCIÓN: MARCOS ORSI

ELENCO: LUIS IGLESIAS, MARCOS ORSI

Unha reflexión cómica sobre a incomunicación na era da comunicación. Unha comedia sobre a incomunicación entre os seres humanos. Este mal fai estragos todo os días e a todas horas, na casa, coa familia, no tráfico, no traballo... Estamos na súper era tecnolóxica, da conexión inmediata, mais nunca estivemos tan lonxe entre as persoas.

Luis Iglesia e Marcos Orsi interpretan un divertidísimo texto de José Prieto nunha peza que nos vai facer rir a esgalla.

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: COMEDIA

DURACIÓN: 70'

+INFO



VÍDEO



CULTURACTIVA

ARTEFEITO, CULTURACTIVA E IGAXES

Soños

DIRECCIÓN: TAMARA CANOSA

TEXTO: FERNANDO EPELDE

ELENCO: SARA FERRO, ANXO OUTUMURO, VICTORIA PÉREZ

Unha posta en escena chamativa cun estilo cru e directo. Soños é a primeira obra teatral galega que trata a situación da mocidade tutelada de xeito integral. A escrita provén do contacto directo do autor e a directora con rapaces e rapazas de vivendas tuteladas, levando as súas experiencias ao escenario para crear unha obra realista e con moito ritmo. O espectáculo aborda as súas realidades con punto de partida en vivencias propias, unha linguaxe accesible e situación da vida cotiá a través das que reflicten as súas dificultades.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 60'

+INFO 

VÍDEO 



CULTURACTIVA

SARABELA

Crónica do paraíso



DIRECCIÓN: GONÇALO GUERREIRO

ELENCO: ELENA SEIJO, FERNANDO DACOSTA, FRAN LAREU, FINA CALLEJA, SABELA GAGO

O funeral de Madame de Quelven contextualiza un universo viaxeiro poboado por bandidos, armas, sexo, cartos e sangue. Ao ritmo de blues o crime compensa, porque os cartos comprano todo, inclusive a propia morte. Nas "Crónicas do Paraíso" ningúén morre, quizás porque están todos mortos xa que o verdadeiro bandido, o poderoso, o socialmente enviado, ese, siga eternamente vivo.

PÚBLICO: ADULTOS

ESTILO: TEATRO


DURACIÓN: 60'

+INFO

VÍDEO



A lingua das bolboretas



DIRECCIÓN: GONÇALO GUERREIRO

ELENCO: FERNANDO DACOSTA, ELENA SEIJO, JOSITO PORTO, FRAN LAREU, SABELA GAGO, FINA CALLEJA

Sarabela Teatro celebraba o seu 40 aniversario coa adaptación teatral da famosa obra A lingua das bolboretas. Unha historia xa clásica que nos devolve a mirada a un mundo infestado de sufrimento dende a perspectiva dun neno. "Desta adaptación teatral de Sarabela sae unha esperanza indómita", así describe o aclamado escritor Manolo Rivas esta dramaturxia dirixido por Gonçalo Guerreiro.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 70'

+INFO

VÍDEO

CULTURACTIVA

SARABELA

Morgana en Esmelle



DIRECCIÓN: ÁNXELES CUÑA

ELENCO: LAURA MÍGUEZ, FERNANDO DACOSTA, QUICO CADAVAL,
FINA CALLEJA, SABELA GAGO, ELENA SEIJO

Morgana en Esmelle é a adaptación da magnífica novela de Begoña Caamaño que recibiu o aplauso de lectores e crítica (Premio Ánxel Casal, Premio Losada Diéguez, Premio ALG, Premio Nacional da Crítica). Unha obra que reescribe o mito cunha ollada contemporánea. Unha ollada diferente sobre o mundo artúrico e a Terra de Miranda.

PÚBLICO: ADULTOS

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 90'

+INFO

VÍDEO



Arraianos



DIRECCIÓN: ÁNXELES CUÑA

ELENCO: FERNANDO DACOSTA, ELENA SEIJO, VADIM YUKHNEVICH, FRAN LAREU,
FERNANDO GONZÁLEZ, SABELA GAGO, FINA CALLEJA

Unha das obras fundamentais da literatura galega, unha suma de relatos buscan a reflexión. Un microcosmos rural de marxe e de fronteira. Arraianos é unha suma de relatos que nos fan estremecer. Historias de meigas, caciquismo, contrabando e agrarismo.

PÚBLICO: ADULTOS

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 60'

+INFO

VÍDEO

CULTURACTIVA



BARROSANTA

Ragazzo

DIRECCIÓN: XAVIER CASTIÑEIRA
ELENCO: ANXO OUTUMURO

Un texto de Lali Álvarez dirixido por Xavier Castiñeira (Butacazero) con Anxo Outumuro. Ragazzo é unha historia real con nome e apelidos: Carlo Giuliani; un mozo activista italiano de 23 anos, asasinado a mans da policía o 20 de xullo de 2001 nunha manifestación contra o cumio do G8 en Xénova.

Ragazzo é unha oda á xuventude e á liberdade, un grito á vida, á dignificación das historias personais e unha reivindicación da memoria colectiva.

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 70'

+INFO

VÍDEO



CULTURACTIVA

ISABEL RISCO

Bravas

DIRECCIÓN: FRAN REI
ELENCO: ISABEL RISCO

- PREMIO FETEGA CARBALLIÑO Á MELLOR ACTRIZ 2015
- PREMIO MESTRE MATEO 2013 Á MELLOR INTERPRETACIÓN FEMENINA DE REPARTO
- III PREMIO LUÍSA VILLALTA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2019

Bravas é unha producción teatral sobre mulleres sen medo, mulleres que forman parte dun clan que elas mesmas paren, amamantan, manteñen, constrúen cos alicerces da rebeldía, da rebelión, da ilusión, da valentía, da xustiza social, da empatía, da humanidade. Isabel Risco dá un paso adiante tras o éxito de Nabiza Girl cun espectáculo que combina o humor e o teatro con grandes textos de Paula Carballeira, Clara Gayo, Roi Vidal e Xurxo Barcala.

[+ SHOWS DE ISABEL RISCO](#)

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 80'

[+INFO](#)



[VÍDEO](#)



CULTURACTIVA

DIANA SIEIRA

The Witch

DIRECCIÓN: DIANA SIEIRA
ELENCO: DIANA SIEIRA

Diana Sieira relata desde a comedia e a farsa a historia da caza de bruxas en Europa. Esta menciñeira, ocupada entre plantas e ungüentos, agarda polo seu xuizo mentres o público realiza pequenos rituais desde o patio de butacas antes de decidir a sorte final da muller: queremos queimar á bruxa ou desexamos a súa liberación?
Humor con mensaxe e moita participación do público para un espectáculo realmente interesante.

PÚBLICO: ADULTO
ESTILO: TEATRO
DURACIÓN: 70'

+INFO 
VÍDEO 



CULTURACTIVA



FRAN REI E PALLASOS EN REBELDÍA

Foot

DIRECCIÓN: IVÁN PRADO
ELENCO: FRAN REI

Pallasos en Rebeldía monta con dirección de Iván Prado e Fran Rei en escena o marabiloso e premiado texto de Ismail Khalidi. Foot é un espectáculo poético, cómico e surrealista na voz dun futbolista palestino que nos conta o imposible camiño do seu equipo para clasificarse á Copa Mundial. Un camiño de controis militares, exilio, corrupción e soños truncados.

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 60'

+INFO

VÍDEO



CULTURACTIVA

ISABEL RISCO E FRAN REI

Dúo Vaguedades

DIRECCIÓN: FRAN REI, ISABEL RISCO
ELENCO: FRAN REI, ISABEL RISCO

Isto é descoñecido para a maioría da poboación pero Rosalía e Pondal conformaron o primeiro grupo de techno de Galicia. Dúo Vaguedades recupera os seus grandes hits.

PÚBLICO: ADULTO
ESTILO: TEATRO CÓMICO
DURACIÓN: 60'

+INFO

VÍDEO



CULTURACTIVA



ADULTO narración oral

VERO RILO

Tralalareira



ELENCO: VERO RILO, SANTI CRIBEIRO

TRALALAREIRA é un espectáculo de narración oral, humor, viño e música para público adulto. Nesta ocasión a narradora Vero Rilo acompaña de Santi Cribreiro (Berrogüetto, Matto Congro, Os d'Abaixo...) ao acordeón.

Que pode sair mal durante unha hora de contos a mesa posta, con algo de viño, brindes e risas? Un espectáculo a pedir de boca, para padais finos e gorxas cantareiras, todo o que se escouitaba tras dunha lareira...

PÚBLICO: ADULTO

DURACIÓN: 60'

+INFO

VÍDEO



CULTURACTIVA

AVELINO GONZÁLEZ

Varios

DIRECCIÓN: AVELINO GONZÁLEZ

ELENCO: AVELINO GONZÁLEZ

Actor, contador, monologuista, tradutor... Avelino González é o que faga falta. Empezou nisto por casualidade e agora gústalle incluso picar entradas. Gústalle entreter á xente con personaxes e historias que emocionen e divirtan porque a el tamén lle gusta que o emocionen e o divirtan.

En televisión ten actuado en series como Serramoura, Pazo de Familia ou Padre Casares para a TVG e na TVE1 en Hospital central, Cuéntame ou Seis hermanas. Ademais de diferentes traballos para cine ou series web. En teatro actúa, dirixe e traduce, tendo varios premios por obras como Bicos con Lingua ou Comedia.

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: NARRACIÓN

DURACIÓN: 60'

+INFO 

VÍDEO 



CULTURACTIVA

MARTA DOVIRO

Memorias dunha rapasa da costa

DIRECCIÓN: MARTA DOVIRO

ELENCO: MARTA DOVIRO

Marta Doviro (Malo Será, Luar, Pazo de Familia...) presenta o seu primeiro monólogo. Un exercicio cómico sobre a nosa forma de ser e facer en contraposición ao que os medios e o cinema nos poñen como modelo.

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: NARRACIÓN

DURACIÓN: 60'

+INFO 

VÍDEO 



A blurry, out-of-focus photograph of a person's head and shoulders. The person appears to be wearing a light-colored shirt and has dark hair. They are holding a small, light-colored object, likely a guitar or ukulele, and are looking down at it. The background is a solid dark purple.

FOLK - WORLD MUSIC

MERCEDES PEÓN

Ingrávida

- PREMIO NACIONAL DA CULTURA GALEGA
- ARTISTA DO ANO PARA FOLKWORD
- ARTISTA TOP TEN NA REVISTA SONGLINES

Vangarda en estado puro dende o amor absoluto pola tradición. Unha viaxe musical pola traxectoria dunha artista esencial, única, irrepetible, dende a saída do seu disco disco, Isué, ate hoxe. Un espectáculo 100% feminino e feminista (Varios formatos)

ESCOITA 
+INFO 
VÍDEO 



CULTURACTIVA



MERCEDES PEÓN

Osmose

- PREMIO NACIONAL DA CULTURA GALEGA
- ARTISTA DO ANO PARA FOLKWORD
- ARTISTA TOP TEN NA REVISTA SONGLINES

Osmose é unha pregunta escénica canalizada a través da música e as súas corporalidades. Osmose dilúa os límites binarios entre a música e a performance.

ESPECTÁCULO PARA TEATROS E AUDITORIOS

[ESCOITA](#)

[+INFO](#)

[VÍDEO](#)

CULTURACTIVA

LEILÍA

Vidas Cantadas

PRINCIPALES PREMIOS DA SÚA TRAXECTORIA:

- 2021. PREMIO FADEMUR E DEPUTACIÓN DA CORUÑA
- 2013. PREMIO "GALLEGOS DEL AÑO" POLA TRAXECTORIA "24 ANOS"
- 2001. PREMIO "GALICIA EN FEMININO". XUNTA DE GALICIA
- 2019. PREMIO «CORNAMUSA» DO FESTIVAL ATLÁNTICA
- 2004. PREMIO Á MELLOR CANCIÓN EN GALEGO" ACADEMIA DE LAS ARTES Y DE LAS CIENCIAS DE LA MÚSICA
- 1999. PREMIO AGAPI Á MELLOR BANDA SONORA "A ROSA DE PEDRA"
- 1992. "CERTAME DE JÓVENES INTÉPRETES" (INJUVE)"
- 1993. MELLOR ESPECTÁCULO. EUROPEAN FORUM WOLDWIDE MUSIC FESTIVALS

Pioneiras, protagonistas e corresposables do novo folk galego, aquel que puxo en valor e recuperou a tradición oral galega. Leilía preséntanos Vidas Cantadas, a que será a súa derradeira xira.

ESCOITA 
+INFO 
VÍDEO 



CULTURACTIVA

UXÍA G JAVIER RUIBAL

De tu casa a la mía

De tu casa a la mía é un retrato musical de dous poetas universais, Rosalía e Lorca, da man e do sentimento de dúas almas que fan voar moi alto a poesía de ambos autores.

ESCOITA 
+INFO 
VÍDEO 



CULTURACTIVA

XURXO FERNANDES

Levaino!

Un dos artistas más singulares do panorama actual, capaz de innovar minuciosamente desde a tradición cunha visión única sobre as músicas de raíz e de creación colectiva. Levaino! é unha festa chea de tradición e exotismo, un espectáculo coral no que Xurxo fusiona a tradición Atlántica co exotismo Mediterráneo.

ESCOITA 
+INFO 
VÍDEO 



OS D'ABAIXO

Somos a pedra

• PREMIO MARTÍN CÓDAX DA MÚSICA 2022 NA CATEGORÍA FOLK

A música folk rompe todos os seus límites, cos pés na tradición e a cabeza no futuro. Os D'Abaixo son 100% folk galego e universal, sen límites nin fronteiras.
ARRIBA OS D'ABAIXO!!

ESCOITA 
+INFO
VÍDEO 



CULTURACTIVA

PESDELÁN

Senta que hai baile

Que nada pare o baile e as ganas de gozar en familia. Pesdelán propoñen un concerto-obra doiro de baile para toda a familia. Practicar pasos de baile con música en directo, delicia pura!

+INFO
VÍDEO

CULTURACTIVA

TANTO NOS TEN

Cortando fíos

Músicas e letras propias e do saber popular, retranqueiras, de escarnio e comprometidas co país que, xunto aos pasodobres, muiñeiras, foliadas, rumbas e outros ritmos bailables, conforman o que denominamos música tradicional furtiva. Con ela tratan de interactuar coa xente e converter nunha festa cada unha das súas intervencións tanto de rúa coma de palco.

+INFO 



CULTURACTIVA

IALMA

Camiño

Pandereteiras , fillas e netas de galegos na diáspora. Donas e cabaleiros, dende Bélgica, as imprescindibles IALMA!

+INFO



CULTURACTIVA



VERBENA - FESTA

QUINKILLADA

Gozar, sentir, bailar!

A sinerxia perfecta entre a maxia da verbena galega e a forza dun festival con toda a frescura dunha banda rompedora!

ESCOITA 
+INFO 
VÍDEO 

CULTURACTIVA

LOITA AMADA

Viva a loita amada
revolucionaria

Un álbum que amosa carácter combativo e sensibilidade. A dualidade do amor e a loita. Cancións que falan en primeira persoa de derrotar aos demos propios, do amor os devanceiros, os nosos descendentes e, como non, unha chamada á rebeldía, á dignidade; cantos á liberdade, á esperanza e á resistencia.

ESCOITA 
+INFO 
VÍDEO 



CULTURACTIVA

O SONORO MAXÍN

A primavera ten que ser nosa

• PREMIO MARTÍN CÓDAX DA MÚSICA 2017

Os días coma hoxe fan que unha idea salte de boca en boca: chegará, de novo, a primavera. Temos as raíces na terra e o ramo florido. A primavera ten que ser nosa!

ESCOITA 
+INFO 
VÍDEO 



CULTURACTIVA

BANDA XANGAI

Oquestra bravú

A Banda Xangai xa é unha Orquestra, presenta neste 2023 o seu novo espectáculo Oquestra Bravú. Con toda vehemencia, bourando cara o futuro!

+INFO
VÍDEO

CULTURACTIVA

DAKIDARRÍA

Colaxe

Tras 20 anos de carreira, a súa madurez e proxección está fóra de toda dúbida. Dakidarría son a banda referente do rock-ska rebelde e comprometido do país. Presentan o seu novo disco: Colaxe

ESCOITA 
+INFO 
VÍDEO 

los
chicos
del
maz

CULTURACTIVA

OUTROS ESTILOS E FORMATOS

BRASSICA RAPA

Brassica Rapa

A primeira fanfarria do país 100% feminina. Reivindican a presenza da muller e levan frescura alá onde os seus ritmos chegan en formato de rúa ou escenario!

+INFO 
VÍDEO 

CULTURACTIVA

GALIFUNK BRASS

Galifunk

Galicia xa ten a brass band que
merece! A Galifunk chega para
sorprender coa súa calidade,
orixinalidade e posta en
escena. Para non perder!

ESCOITA 
+INFO 
VÍDEO 

CULTURACTIVA

JAVIER OTERO NEIRA

Saraiba

• ARTISTA YAMAHA

Piano e electrónica nunha clara aposta por unha estética contemporánea, con influencias da natureza e da vida cotiá. Abrir as fiestras para osixenarse e deixarse levar.

ESCOITA 
+INFO 
VÍDEO 



CULTURACTIVA



PEQUENOS FORMATOS - RÚA

UXÍA E GERMÁN DÍAZ

Coplas e historias do Camiño de Santiago

Uxía (voz) e Germán Díaz (zanfona) únense para desentrañar toda a beleza da tradición musical do Camiño de Santiago. Unha proposta espida, sen adubíos... pensada para espazos patrimoniais e sen apenas amplificación. Unha experiencia única para aforos limitados!

ESCOITA 
+INFO 
VÍDEO 



CULTURACTIVA

TRES PESOS

De cando os animais
cantaban

Tres xeitos de facer, tres
adictos á nosa música,
tres caras da mesma
moeda, trío de ases para
festas e foliadas.

ESCOITA 
+INFO 
VÍDEO 

CULTURACTIVA

MEDIAREA

Música do País

Cada un dos catro compoñentes do grupo aportan un novidoso toque á música tradicional: A gaita de Gael, ancorada na tradición do Morrazo pero garreando para outros rumbos, o acordeón de Pumar, aportando frescura con melodías e harmonías novas, o toque xoguetón pero preciso de Luis no bombo, a intensidade e enerxía da percusión de Rodri bebendo de moitos estilos. Mediarea é un grupo que gaña co tempo, que madura e adquire matices, que asenta e deja pouso. Un proxecto para compartir, degustar e gozar.

+INFO i
VÍDEO ▶



OS BREGADIERS

Os Bregadiers



Ritmos swing, jazz e rock&roll, nunha formación brass band de experimentados músicos galegos de gran calidade musical e artística.

+INFO
VÍDEO

CULTURACTIVA

LATEXO

Espectáculo de batucada



Latexo é son. Latexo é movemento. Latexo é unha explosión de ritmo e enerxía. O espectáculo de Latexo combina o visual da danza cos arranxos musicais baseados na tradición dos blocos afro de Salvador de Bahía. Latexo aporta a súa propia visión do estilo, matizándoo a través de influencias que van dende a percusión mandinga ou a música galega ata a percusión contemporánea.

+INFO
VÍDEO

SUSO VAAMONDE E XOSÉ LOIS ROMERO

24 instrumentos populares galegos



A viaxe de dúas grandes figuras do folk galego entre instrumentos da tradición musical galega e a súa evolución ao longo do tempo.

+INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

ACORDEIRETA

Loitar Cantando



Loitar Cantando (verbas de Luz Fandiño) é o lema deste dúo de acordeón e pandeireta e tamén o título do seu primeiro traballo cun estilo único, fresco e contundente.

ESCOITA
+INFO VÍDEO

OS MONIFATES

Os monifates de festa en festa



Un carromato cargado de instrumentos, tirado por dous músicos ambulantes acompañados dos máis diversos monicreques danzantes bailando música tradicional galega.

+INFO
VÍDEO

CULTURACTIVA

CÉ ORQUESTRA

1. Home Orquestra
2. Fios do querer (Infantil)



A recuperación do home orquestra en Galicia ten un só nome, Cé Orquestra Pantasma. A súa proposta adáptase tanto a rúa como a interior e gusta a todas as idades

+INFO
VÍDEO



CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

info@culturactiva.org
www.culturactiva.org
+34 981 582 836